

PROCEDEMENTO: CT404E–Subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais.

ASUNTO: Notificación de resolución de concesión

EXPEDIENTE: CT404E/2024/2/12

De conformidade co disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícase a Resolución de 3 de xulio de concesión do Presidente do Consello Reitor da Agadic ao abeiro da Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réximen de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento CT404E), e que se transcribe literalmente a continuación:

“ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 21 de marzo de 2024, DOG núm. 58, publicouse a Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento CT404E).

2. O día 22 de abril do 2024, rematado o prazo de presentación de solicitudes, relacionadas no **Anexo I**, procédese ao seu estudo, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.



3. Como resultado da xestión de comprobación de toda a documentación, establécese que as solicitudes que se relacionan no **Anexo II** non continúan no proceso pola causa que se indica.

4. Os expedientes que se relacionan no **Anexo III** son remitidos á comisión de valoración para que, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 16 das bases da convocatoria, sexan avaliados, xa que se considera que cumpren todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para ser subvencionados.

5. O 20 de xuño do 2024, reúnense a comisión de avaliación para estudo e análise das solicitudes susceptibles de ser subvencionadas.

Rematada esta reunión, a comisión de avaliación remite a Acta-informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases. Esta relación coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias e reflíctese no **Anexo IV**.

6. O día 27 de xuño de 2024 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de resolución de concesión de axuda, que reflicte as entidades propostas para ser subvencionadas co importe asignado a cada unha delas e a distribución anual correspondente, tal e como se recolle no **Anexo V** e elévaa á Presidencia da Agadic.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 18 das bases reguladoras da convocatoria sinala que, o órgano instructor elaborará a proposta definitiva indicando o número de solicitudes susceptibles de ser subvencionadas e o importe de subvención que lle corresponde a cada unha delas. Esta proposta será elevada á Presidencia do Consello Reitor da Agadic quen deberá ditar resolución expresa no prazo de quince días dende a data de elevación da proposta de resolución.

2. Estas axudas fináncianse cun crédito total de 500.000 euros, dos orzamentos da Axencia

Galega das Industrias Culturais para o ano 2024 e 2025, código de proxecto 2021 00003 distribuído da seguinte forma:



100.000 euros da aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770.1 (categoría 1)

400.000 euros da aplicación orzamentaria 10.A1.432B.760.1 (categoría 2)

3. A distribución dos créditos entre as persoas susceptibles de ser beneficiarias realízase en base ao crédito xeral dispoñible, á intensidade dos límites sinalados no artigo 4 das bases da convocatoria e ao importe solicitado polas persoas interesadas, dando lugar ao **Anexo V** que reflicte as entidades susceptibles de ser subvencionadas co importe asignado a cada unha delas e a distribución anual correspondente.

4. O **Anexo VI** reflicte as solicitudes desestimadas por esgotamento do crédito orzamentado para a convocatoria, pasando a formar unha lista de garda, por orde de prelación.

5. Tendo en conta todo o anterior, as solicitudes subvencionadas acadan un importe de axuda igual ao solicitado, agás a última persoa beneficiaria da categoría 2 que, tras o reparto dos créditos por orde de prelación, acada un importe menor. Na categoría 1, realizado o reparto do crédito asignado entre todas as persoas beneficiarias resulta un sobranse de crédito por importe de 1.845,89 €, susceptible de ser reasignado tal e como recollen as bases da convocatoria no seu artigo 3.3, unha vez realizado o documento contable pertinente.

Examinada a proposta de resolución, e de conformidade con ela,

RESOLVO

1. Declarar a non administración ou desistimento das solicitudes que se relacionan no **Anexo II** pola causa que se indica.

2. Admitir as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.

3. Conceder a subvención, polos importes que se expresan, as entidades solicitantes que se relacionan no **Anexo V**.



4. *Desestimar, por esgotamento do crédito asinado á convocatoria, as solicitudes relacionadas no Anexo VI dando lugar á lista de agarda, na categoría 2, por orde de prelación.*

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución as entidade interesadas, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital. O Presidente do Consello Reitor da Agadic. José Carlos López Campos”.



ANEXO V

SOLICITUDES BENEFICIARIAS

CATEGORÍA 1

Nº DE EXPEDIENTE	PERSONA SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO		
				Anualidade 2024	Anualidade 2025	TOTAL
CT404E/2024/2/12	CONCELLO DE FERROL	P1503700E	40.000€	15.000€	25.000€	40.000€

De conformidade co artigo 19.3, a aceptación da axuda implica a aceptación de que o proxecto cumprirá co principio DNSH (principio de non causar prexuízo significativo ao ambiente e as condicións de etiquetaxe climática e dixital) e a normativa aplicable por razón do financiamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposicións destas; polo que o formulario de "Declaración de compromiso en relación con la ejecución de actuaciones del plan de recuperación, transformación y resiliencia (PRTR)" e o formulario de "Declaración de cesión e tratamento de datos en relación con la ejecución de actuaciones del plan de recuperación, transformación y resiliencia (PRTR)". deberán ser cubertos e enviados no prazo de 10 días hábiles pola sede electrónica no procedemento CT207M, indicándolle que de non o facer, enténdese que renuncia á axuda concedida de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

DEFINICIÓN DO PROXECTO:

1. Título: Modernización de sistemas dixitais de audio, video
2. Obxecto: *“(…) Para a modernización de sistemas dixitais de audio e comunicación en rede: adquisición de mesa de son dixital Yamaha DM7(…); Stagbox Digital de 19” que converte a*



señal de son analóxica da microfonía ou instrumentos e a envía a mesa de són, tamén converte a señal dixital recibida dende a mesa de son en envíos analóxicos para o escenario (...); e Flicht case para Rio 3224D2 (...)”

3. Datos económicos

- Importe do proxecto sen IVE: 55.355
- Importe da subvención: 40.000€
- Intensidade da subvención: 59,70%

4. Condicións de execución do proxecto

- a) Inicio: data de solicitude da axuda e elixibilidade 22/04/2024.
- b) O período subvencionable abrangue as actividades realizadas e pagadas dende o día seguinte da presentación da solicitude de subvención en o 1 de xullo de 2025, ambos incluídos
- c) Prazo de xustificación:
 - .Anualidade 2024: Día seguinte ao da presentación da solicitude e o 1 de decembro de 2024
 - .Anualidade 2025: Dende o 2 de decembro de 2024 e o 1 de xullo de 2025

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director da Axencia Galega das Industrias Culturais
Jacobo Sutil Nesta

